

I Plan Galego de Inclusión Social 2001-2006

Avaliación Intermedia do I Plan Galego de Inclusión
Social
2001-2003



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo



Reservados tódolos dereitos.

Non está permitida a reprodución total ou parcial deste libro, nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por fotocopia, por rexistro ou outros métodos, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do Copyright.

Primeira edición 2005

© Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.
Dirección Xeral de Servicios Comunitarios e Inclusión Social

Depósito Legal:

Imprime: Gráficas Garabal

Santiago de Compostela, 2005

ÍNDICE

■ Introdución	5
O I Plan Galego de Inclusión Social	7
■ A orixe do I Plan Galego de Inclusión Social	9
■ Obxectivos do I Plan Galego de Inclusión Social	11
■ Destinatarios do I Plan Galego de Inclusión Social	14
■ Metodoloxía de intervención	17
Análise de resultados 2001-2003	27
■ Incorporacións	29
■ Perfil sociodemográfico	33
■ Perfil sociolaboral	43
■ Clasificación por problemáticas	54
■ Insercións laborais	63
Políticas de inclusión social en Galicia	85
■ Instituto Galego da Vivenda e Solo	88
■ Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	90
■ Consellería de Sanidade	92
■ Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado	94
■ Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais	100
■ Consellería de Emigración	104
Orzamento	107
Anexo I: Medidas de inclusión social en relación co Plan Nacional de acción para la inclusión social 2001-2003	111
Anexo II: Medidas de inclusión social en relación co Plan Nacional de acción para la inclusión social 2003-2005	153



Introducción

A Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais elaborou e puxo en marcha no ano 2001 o I Plan Galego de Inclusión Social, como un conxunto integrado de medidas dirixidas a inserción social e laboral, que partindo do carácter multidimensional do fenómeno da pobreza e da exclusión, pon en marcha novas actuacións e potencia as políticas activas existentes mediante mecanismos innovadores de intervención e coordinación.

Deste xeito, e despois dun período de tres anos de aplicación de dito Plan, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais considerou oportuno realizar unha avaliación onde se valorase o Plan en toda a súa extensión, tanto na súa implementación coma no seu desenvolvemento e impacto.

A continuación preséntase o estudio onde se expón de maneira estruturada e rigorosa dita avaliación, cun resumo dos orixes, obxectivos, destinatarios e metodoloxía do I Plan Galego de Inclusión Social; unha análise, cualitativa e cuantitativa, das persoas beneficiadas por ditas actuacións no marco deste Plan.

Por último, o documento finaliza coa presentación do orzamento xestionado pola Dirección Xeral de Servizos Comunitarios e Inclusión Social para os anos obxecto desta avaliación, e cun anexo coas medidas de inclusión social en relación co Plan Nacional de acción para la inclusión social.

O “I Plan Galego de Inclusión Social”



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo



A orixe do I Plan Galego de Inclusión Social

A orixe e fundamentación estratéxica do I Plan Galego de Inclusión Social de Galicia inspírase nos Consellos Europeos de Lisboa e Niza, onde os estados membros asumiron o compromiso de promover un crecemento económico sostible e un emprego de calidade que reduza o risco de pobreza e exclusión social e reforce a cohesión económica e social da Unión Europea entre 2001 e 2010. Deste xeito a loita contra a exclusión social convertese nun dos elementos centrais da modernización do modelo social europeo.

Ademais a aprobación da Axenda Social Europea supuxo o establecemento formal dunha estratexia de loita contra a exclusión social e todas as formas de discriminación centrada nos seguintes obxectivos:

- Fomento da participación no emprego e o acceso aos recursos, dereitos, bens e servizos por parte de todos.
- Prevención dos riscos de exclusión.
- Actuación a favor dos máis vulnerables.
- Mobilización de todos os axentes, promovendo a participación dos afectados e a colaboración e coordinación dos axentes públicos e privados.

A axenda social de Niza substitúe o programa de acción social 1998-2000 e está baseada na noción de pleno emprego, dinamismo económico e maior cohesión social.

Os antecedentes do Plan na Comunidade Autónoma son a Lei 9/91 do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, así como a rede pública de servizos sociais básicos desenvolvida a través do Plan Concertado (lei 4/93, do 14 de abril de servizos sociais) que inclúe a xestión por parte dos servizos sociais municipais dos programas de inserción que acompañan ás prestacións económicas das rendas mínimas.

Destacar tamén os esforzos que supuxeron o desenvolvemento das distintas iniciativas comunitarias no período anterior de programación de fondos estruturais, financiados polo Fondo Social Europeo e dirixidos fundamentalmente a mellorar o acceso ao emprego de colectivos desfavorecidos.

O I Plan Galego de Inclusión Social orientase a mellorar a coordinación das políticas existentes, promovendo a cooperación e creando novas actuacións que favorezan unha mellor adecuación das políticas sociais ás necesidades reais das persoas en situación de exclusión social.

Obxectivos do I Plan Galego de Inclusión Social

Coas bases nas que se asentan os principios inspiradores do I Plan Galego de Inclusión Social os seus esforzos oriéntanse cara a consecución da seguinte finalidade:

CONSEGUIR QUE AS PERSOAS OU FAMILIAS GALEGAS EN SITUACIÓN DE POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL LOGREN ADQUIRIR AS HABILIDADES NECESARIAS PARA EVITAR A SÚA VULNERABILIDADE AOS CAMBIOS NOS PROCESOS SOCIOECONÓMICOS, POSIBILITANDO O ACCESO AO EMPREGO E O Mantemento DUN MODO DE VIDA NORMALIZADO.

Do anterior despréndense un conxunto de obxectivos xerais que se desglosan nos epígrafes seguintes:

1. Actuar sobre aqueles factores condicionantes da exclusión, para evitar situacións de deterioro vital das persoas e promover a súa incorporación e participación social.
2. Conseguiir un desenvolvemento local dirixido ao beneficio das persoas ou grupos en situación marxinal ou desfavorecida e que satisfaga as súas principais carencias ou déficits en materia de benestar.
3. Promover a participación da poboación en torno a satisfacción de necesidades e aspiracións comúns, permeabilizando e impulsando a adopción de medidas concretas.
4. Mellorar o nivel de información e formación das persoas. Enriquecer a comunicación e a convivencia constituíndo canles de cooperación e solidariedade, propiciando o asociacionismo.
5. Promover e facilitar a integración educativa, sanitaria, laboral, etc., establecendo canles de detección de necesidades nesas áreas e a coordinación cos organismos competentes.

6. Reducir o impacto da pobreza sobre as mulleres, incidindo sobre aqueles factores específicos que dificultan a súa inserción social e laboral.
7. Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias, proporcionándolles unha serie de servizos que buscan a capacitación laboral, o desenvolvemento persoal e social e a vida independente, coa finalidade última de acadar os maiores niveis de integración social.

Deste xeito os obxectivos e medidas do Plan veñen a reforzar o conxunto de recursos previstos na Lei Galega 9/1991 do 2 de outubro de medidas básicas para a inserción social, en especial o proxecto individualizado de inserción, e o conxunto de programas establecidos no Plan Concertado de Servizos Sociais. Xunto a eles vaise aglutinar o conxunto de accións, dispositivos e recursos dispoñibles por parte das institucións e axentes sociais e económicos, para que de forma integrada sexan capaces de conseguir os obxectivos propostos.

En definitiva os dous grandes retos a conseguir son:

- Promover a integración e autonomía das persoas que viven en situación de pobreza, garantindo os recursos suficientes, mellores condicións sanitarias, de acceso á vivenda e ao mercado de traballo, propiciando un entorno escolar integrador e fomentando a participación social.
- Previr a exclusión mellorando as condicións de vida, a información, o acceso aos recursos así como o asociacionismo e o voluntariado.

Todo iso, procurando a coparticipación da Administración Local por considerala imprescindible dada a súa proximidade e coñecemento das

necesidades e problemáticas específicas dos cidadáns, así como das entidades e organizacións que desenvolven o seu traballo con persoas en situación de exclusión. Tratando polo tanto de promover a súa implicación e constituír unha rede de partenariado social que impulse o desenvolvemento do I Plan de Inclusión.

Así mesmo considerárase con carácter de política transversal na execución do Plan, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, tanto por tratarse dun eixo básico da Estratexia Europea para o Emprego no presente período de programación, como pola constatación do crecente fenómeno da feminización da pobreza.

Destinatarios do I Plan Galego de Inclusión Social

O Plan de Inclusión Social diríxese ás persoas en situación de pobreza ou exclusión social. Entendendo por pobreza a situación na que se atopan as persoas que non poden participar plenamente na vida económica, social e civil e que teñen uns ingresos ou recursos (persoais, familiares, sociais e culturais) inadecuados que non lles permiten ter un nivel e unha calidade de vida considerada aceptable pola sociedade na que viven. Estas situacións, non permiten as persoas exercer plenamente os seus dereitos fundamentais.

De acordo con todo o anterior, e conxugando os conceptos de pobreza e exclusión social, as accións programadas diríxense a dous grandes colectivos:

- Persoas con discapacidade
- Persoas en situación ou risco de exclusión social

Os suxeitos destinatarios do plan presentarían unha o varias destas características:

- Ausencia de ingresos suficientes para a cobertura das necesidades que a propia unidade de convivencia xera (alimentación, educación, saúde, etc.).
- Inexistencia dunha vivenda que supoña o espazo mínimo “habitabile” para o seu desenvolvemento persoal e familiar, así como, a falla de equipamento básico ou rendas excesivamente gravosas.

- Escaseza dunha formación persoal básica ou profesional que impide a aproximación aos circuitos normalizados de integración social e laboral (analfabetismo, desescolarización, absentismo, fracaso escolar, etc).
- Situacións de desemprego prolongado ou de emprego precario. Salientar as especiais dificultades do colectivo de mozos e o de persoas de mediana idade que tras a perda do seu emprego son demasiado mozos para xubilarse e demasiado maiores para a súa reciclaxe ou inicio dunha nova actividade laboral.
- Deterioro físico e de saúde, distinguindo varias categorías, por un lado, algunhas afeccións de carácter crónico (medicación permanente, inestabilidade emocional, baixa autoestima, problemáticas condutuais, minusvalías) e, por outro lado, distintas problemáticas de saúde que se identifican con contornos marxinais e que estigmatizan ás persoas por elas afectadas (enfermidades infecciosas).
- Desestructuración familiar: presenza de conflitos ou relacións conflictivas que provocan distintas problemáticas xeradoras de exclusión (maltrato, adiccións, abandonos do fogar, condutas delictuosas, cárcere, prostitución, etc.).
- Desarraigo social (ausencia de hábitos laborais, dependencia institucional, carencia de oportunidades, mendicidade, etc.).
- Residencia en zonas rurais socialmente deprimidas (illamento, dificultade de acceso aos servizos e equipamentos básicos, etc.).

Dun xeito máis pormenorizado pódense incluír nas referidas categorías os seguintes grupos: perceptores de rendas mínimas, persoas con discapacidade sen apoio social e con escasos recursos económicos, mulleres con cargas familiares non compartidas ou problemas sociais aparelados, inmigrantes, emigrantes retornados, minorías étnicas, persoas drogodependentes, ex reclusos etc.

Metodoloxía de Intervención

A intervención do plan xira en torno a tres piares fundamentais: os colectivos de usuarios, os axentes sociais e a comunidade. Ademais, a intervención estratifícase a través de tres enfoques: preventivo, paliativo/asistencial e de incorporación social.

En función da responsabilidade e corresponsabilidade na execución, as intervencións lévanse a cabo en dous planos distintos e a un tempo complementarios:

- Por unha banda, nun plano vertical, a actual Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais realiza actuacións dentro dos ámbitos propios da súa competencia.
- Nun plano transversal e atendendo ao carácter pluridimensional do fenómeno da exclusión, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais promove mecanismos de coordinación entre as consellerías con competencias en materia de inclusión social a través de grupos de traballo horizontais.

En todo caso, o método utilizado para a o desenvolvemento do plan é o de investigación-acción participativa. Este método supón a incorporación de todos os axentes implicados nun proceso de retroalimentación permanente que permite, tanto o coñecemento exhaustivo das necesidades das persoas desfavorecidas na nosa comunidade autónoma, a través de entidades directamente implicadas no traballo cos distintos colectivos, como a planificación realista de obxectivos e metas a acadar.

INTERVENCIÓN COS USUARIOS

Atendendo a un criterio de descentralización territorial, a intervención cos usuarios levase a cabo a través de catro equipos de intervención provincial dependentes das delegación provinciais, nove de ámbito local nas sete grandes cidades de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago de Compostela e Ferrol), nas zonas do Consorcio As Mariñas, no Val Miñor e outro dependente da Confederación Galega de Minusválidos. Xunto cos anteriores o Plan conta cun equipo coordinador xeral localizado nos servizos centrais da Consellería e que ten como finalidade coordinar as distintas accións desenvolvidas e facer o seguimento e valoración das mesmas.

Estes profesionais traballan coordinadamente coa rede de atención primaria de servizos sociais municipais e ocúpanse do desenvolvemento, entre outras, das seguintes tarefas:

- Coñecemento exhaustivo de tódolos recursos existentes na súa área de actuación, así como das necesidades dos colectivos máis vulnerables e as características socioeconómicas de cada zona.
- Valoración conxunta e coordinada cos servizos sociais municipais, das situacións de intervención prioritaria.
- Deseño e implementación de proxectos de inserción personalizados.
- Articulación dos programas específicos adecuados ás situacións detectadas.
- Seguimento das actuacións.
- Avaliación das mesmas.

A intervención cos usuarios comprende as seguintes fases:

Acollida.

As persoas en situación ou risco de exclusión social incorpóranse ao plan a través dos servizos sociais de atención primaria municipal que derivan aos usuarios aos equipos do Plan de Inclusión. Esta fase comprende unha serie de entrevistas personalizadas coa finalidade de afondar no coñecemento da situación de cada usuario para poder facer así, un diagnóstico individualizado, establecendo as canles de incorporación ao proceso de inserción.

Diagnóstico.

Nesta fase establecece un diagnóstico individual mediante a avaliación das capacidades e detección de necesidades.

Deseño de proxectos individualizados de inserción.

Coa información recollida nas fases anteriores e en coordinación cos traballadores sociais de atención primaria elabórase o proxecto individualizado de inserción. Neste proceso realízanse diferentes entrevistas nas que se recollen os elementos necesarios para deseñar de xeito conxunto e consensuado co usuario o itinerario personalizado de inserción. Redactase o compromiso definitivo que deberá conter todas e cada unha das accións a desenvolver e os prazos de realización.

Xeralmente estes itinerarios combinan varias accións de inserción que se irán executando de forma gradual: asesoramento, orientación laboral, formación e acompañamento social

Execución do proxecto de inserción.

Os equipos de intervención realizan diferentes accións de información, orientación, asesoramento e busca de recursos formativos e sociais que permitan desenvolver o itinerario deseñado.

Un dos obxectivos prioritarios da intervención é garantir medidas personalizadas, e adecuadas aos beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia, ás persoas con discapacidade e o resto de colectivos en situación ou risco de exclusión social, incidindo no deseño e desenvolvemento de itinerarios individualizados cara ao emprego.

As principais accións dirixidas aos usuarios do Plan son as seguintes:

a) Formación básica e alfabetización

Consistente en facilitar a adquisición de coñecementos e habilidades instrumentais básicas, principalmente lectura, escritura, cálculo para mellorar o nivel educativo e posteriormente acadar unha titulación académica regrada que lles facilite o acceso ao mundo laboral.

b) Formación en habilidades sociais e competencia persoal.

As accións básicas dentro deste tipo de programas será a de fomentar a aprendizaxe de habilidades sociais mediante actividades dinamizadoras das capacidades e recursos persoais e sociais dos beneficiarios.

c) Formación para o acceso ao emprego

Comprende accións de formación diversificada e adaptada a cada persoa, tanto de tipo prelaboral como laboral que permiten mellorar a cualificación laboral e o nivel de empregabilidade.

d) Acompañamento social

Consiste nunha serie de medidas paralelas de seguimento e apoio persoal e/ou familiar que facilitan o proceso de inserción.

e) Accións de apoio económico.

Nesta categoría inclúense as seguintes prestacións de carácter económico:

- Garantía dunhas rendas mínimas de subsistencia a través da Renda de Integración Social de Galicia.
- Financiamento de proxectos individualizados de inserción mediante o complemento de inserción.
- Axudas económicas puntuares mediante Axudas de Emerxencia Social.

COORDINACIÓN, COPARTICIPACIÓN E TRANSVERSALIDADE

A viabilidade do Plan apoíase no posicionamento de corresponsabilidade por parte doutras administracións públicas, especialmente da Administración Local. Por outra banda e coa finalidade de dar cabida as directrices comunitarias de mobilización de todos os axentes, promovendo a participación, colaboración e coordinación dos axentes públicos e privados, desenvóléronse as seguintes liñas de traballo:

Coas consellerías

Neste período de avaliación potenciouse a coordinación coas consellerías con competencias no ámbito da inclusión social, a través de grupos de traballo e da Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza.

Esta comisión creou un espazo de traballo que permite a busca de resposta as necesidades neste campo, desde as distintas áreas ou ámbitos de acción pública, a través dunha metodoloxía baseada prioritariamente na mellora da utilización dos recursos e servizos existentes destinados ás persoas en situación de exclusión social.

A colaboración e coordinación ampliouse tamén os servizos sociais de atención primaria, as entidades de iniciativa social e os axentes sociais como coparticipantes na xestión do Plan.

Coa Administración Local

Neste sentido, o Plan promove a colaboración coas sete grandes cidades de Galicia, co Consorcio das Mariñas e cos Concellos de Val Miñor, mediante a sinatura anual de convenios que permiten a creación e mantemento de dispositivos técnicos de inserción de carácter estable, para atender aos colectivos máis desfavorecidos en cada ámbito territorial.

Coa Universidade

Promove tamén a participación da Universidade mediante a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento de dispositivos técnicos de inserción a nivel provincial, para a divulgación científica e a sensibilización social.

Coas Entidades de Iniciativa Social

Dado o importante papel emerxente do chamado terceiro sector na resolución dos problemas de exclusión social, a especial flexibilidade das ONGs, a súa cercanía a problemática social e a súa capacidade para canalizar as preocupacións cidadáns, o Plan de Inclusión inicia unha liña de cooperación estable coas mesmas, a través dunha orde de carácter anual pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de programas de incorporación social e laboral destinados a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Seguindo nesta liña de actuación desenvólvense tamén convenios de periodicidade anual con entidades de iniciativa social para a atención de determinados grupos ou colectivos que polas súas características requiren estratexias específicas de intervención. Así a Confederación Galega de Minusválidos, no marco deste Plan, dirixe a súa intervención cara a inserción social e laboral das persoas con discapacidades; a Cruz Roja Española en Galicia desenvolve un programa coas persoas sen teito e o Secretariado General Gitano presta unha atención específica as minorías étnicas.

Cos Axentes Sociais

Complementariamente, o Plan establece a necesidade de implicar ás empresas nas políticas de inclusión social, mediante convenios de colaboración coas mesmas e as súas asociacións, o que permite sensibilizar o tecido empresarial e implicalo activamente no desenvolvemento de programas concretos de formación e inserción laboral

SENSIBILIZACIÓN, DIFUSIÓN E DEBATE SOBRE A INCLUSIÓN SOCIAL

Dun xeito paralelo ás actuacións cos usuarios, lévase a cabo un esforzo colectivo e integrado que potencia un modelo de sociedade baseado na participación social e en actitudes solidarias. Así a sensibilización social, desenvolvida polo Plan, enténdese como un elemento básico na execución do mesmo.

A finalidade da sensibilización social é favorecer a implicación da sociedade na loita contra a exclusión, co fin de concienciar e sensibilizar á comunidade sobre esta problemática.

Desde o ano 2001 creáronse marcos estruturais, profesionais e sociais para o intercambio de información e experiencias que afondan na mellora da percepción da inclusión social

Neste senso o Plan de inclusión desenvolveu neste período cinco xornadas sobre inclusión social, nas principais cidades galegas, que contaron coa presenza de recoñecidos expertos relacionados coas

diferentes problemáticas e ámbitos que afectan a este fenómeno de carácter multidimensional.

Tamén se levaron a cabo diferentes encontros cos servizos sociais de atención primaria dos concellos galegos, coas diferentes entidades de iniciativa social e ONGs que desenvolven o seu traballo con colectivos desfavorecidos.

INVESTIGACIÓN SOCIAL

Outra actuación destacada no marco deste Plan é a investigación social. A finalidade desta investigación é mellorar o coñecemento da situación da exclusión social, incidindo nas distintas dimensións e nos factores causais da mesma. Neste período elaboráronse os seguintes estudos: “Novos viveiros de emprego en Galicia e posibilidades de ocupación para os colectivos en situación ou risco de exclusión social”, “Primeiro estudio de persoas sen fogar en Galicia”. Na actualidade estanse a elaborar un “Estudio estatístico e sociolóxico sobre os programas de rendas mínimas” e outro sobre “Inclusión social e perspectiva de xénero. Liñas estratéxicas para a integración social das mulleres desfavorecidas en Galicia”.

REDES ESTRUCTURAIS E ESTABLES DE INFORMACIÓN

A experiencia acumulada na realización de programas implica dispor de sistemas de información como paso previo para mellorar a xestión e calidade dos servizos. No 2001 iniciase o deseño dun sistema de información permanente, que deu lugar a creación dunha base de



datos que permite a obtención de información cualificada sobre o impacto da intervención levada a cabo cos usuarios do Plan. Esta información facilita a planificación de novos programas, a regulación normativa da provisión de servizos sociais, así como a avaliación das políticas sociais.

Análise de Resultados 2001-2003



Incorporacións

Na Comunidade Autónoma de Galicia hai actualmente cerca de **55.000** beneficiarios de prestacións periódicas, dos cales no período 2001-2003 foron perceptores da renda de integración social de Galicia unha media mensual de **4.308** persoas, destinándose unha contía total de 43.137.363 euros á mesma durante o citado período . Como reforzo a estas medidas de carácter económico, a Xunta de Galicia está a desenvolver o I Plan Galego de Inclusión Social.

Ao longo do período 2001-2003, no marco deste Plan executáronse diferentes actuacións tendentes a favorecer a integración das mulleres e dos homes que, especialmente en razón da súa discapacidade ou pertenza a un grupo social con particulares dificultades de inserción, atópanse ou corren o risco de atoparse en situación de exclusión social.


Como resultado da xestión levada a cabo foron incorporadas ao Plan **14.305 persoas**, das cales 5.396, pertencen ao colectivo de discapacitados. Do total de beneficiarios 8.198 son mulleres o que supón o 57% das incorporacións.

Atendendo a un criterio de distribución provincial, o 38% das incorporacións pertencen a provincia da Coruña cun total de 5.422 persoas, o 33% corresponde a Pontevedra con 4.770 persoas, o 18% a Ourense con 2.570 persoas e 10,65% a Lugo con 1.523 persoas.

Persoas incorporadas segundo provincia		
Provincia	%	Nº
A Coruña	38,04%	5.442
Lugo	10,65%	1.523
Ourense	17,97%	2.570
Pontevedra	33,34%	4.770
TOTAL	100,00%	14.305

Polo tanto, como se pode comprobar, máis do 70% das incorporacións distribúense entre as provincias da Coruña e Pontevedra, sumando as provincias de Ourense e Lugo o 30% restante. Esta distribución relacionase directamente coa porcentaxe de beneficiarios da renda de integración social de Galicia e co peso demográfico de cada unha das provincias

PERSOAS INCORPORADAS SEGUNDO PROVINCIA




Polo que se refire ás incorporacións de usuarios por equipos de intervención, os resultados son os seguintes:

Persoas incorporadas segundo equipos de intervención		
Equipo de intervención	%	Nº
EQUIPO PROVINCIAL CORUÑA	9,03%	1.292
EQUIPO CONCELLO DA CORUÑA	6,38%	913
EQUIPO CONCELLO DE FERROL	2,07%	296
EQUIPO CONCELLO DE SANTIAGO	3,52%	503
EQUIPO CONSORCIO AS MARIÑAS	1,85%	264
EQUIPO PROVINCIAL DE LUGO	4,66%	667
EQUIPO CONCELLO LUGO	1,82%	260
EQUIPO PROVINCIAL OURENSE	5,27%	754
EQUIPO CONCELLO DE OURENSE	8,45%	1.209
EQUIPO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	12,14%	1.736
EQUIPO CONCELLO DE PONTEVEDRA	2,06%	294
EQUIPO CONCELLO DE VIGO	6,03%	862
EQUIPO AGRUPACIÓN VAL MIÑOR	3,05%	436
CONFEDERACIÓN GALEGA DE MINUSVÁLIDOS	33,69%	4.819
TOTAL	100,00%	14.305

É de subliñar o elevado número de incorporacións da Confederación Galega de Minusválidos de Galicia, que se explica polo feito de que a súa intervención desenvólvese en toda a Comunidade Autónoma, e non soamente a nivel provincial ou municipal, como ocorre co resto dos equipos.

PERSOAS INCORPORADAS SEGUNDO EQUIPO DE INTERVENCIÓN




Perfil sociodemográfico

O perfil sociolóxico das 14.305 persoas incorporadas correspóndese co dunha *muller de entre 25 e 45 anos, solteira, con estudos secundarios obrigatorios e que reside principalmente nunha cidade.*

Persoas incorporadas segundo xénero		
	%	Nº
Homes	42,69%	6.107
Mulleres	57,31%	8.198
TOTAL	100,00%	14.305

Así, en liña co comentado, advírtese a relativa superioridade das mulleres respecto á cifra global de incorporacións, xa que constitúen máis do 57% do total, con 8.198 persoas.


PERSOAS INCORPORADAS SEGUNDO SEXO




En relación coa **idade** un 62% das persoas incorporadas sitúanse no tramo entre os 25 e os 45 anos. A continuación sitúanse as persoas con idade superior aos 45 anos cun 24% e, finalmente, os menores de 25 co 11% do total.

Persoas incorporadas segundo idade e xénero						
Tramos de idade	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 25	769	13%	844	10%	1.613	11%
Entre 25 e 45	3.579	59%	5.334	65%	8.913	62%
Máis de 45	1.605	26%	1.860	23%	3.465	24%
Non consta	154	3%	160	2%	314	2%
TOTAL	6.107	100%	8.198	100%	14.305	100%


PERSOAS INCORPORADAS SEGUNDO IDADE E XÉNERO



Persoas incorporadas segundo idade HOMES



Persoas incorporadas segundo idade MULLERES




Tendo en conta de maneira adicional a variable xénero, unicamente destaca o lixeiro incremento respecto á distribución media do número de mulleres por enriba dos 25 anos, así como a maior porcentaxe de homes por debaixo desta mesma idade.

En relación coa variable relativa ao **estado civil**, detéctase que o 47% das persoas son solteiras, o que se corresponde con 6.771 beneficiarios. A continuación situárase o colectivo de casados (30% do global), así como o de separados (11%) e divorciados (6%), antes de dar paso ás categorías de viúvos, parellas de feito e outros que de maneira conxunta non superan o 5%.


Persoas incorporadas segundo estado civil e xénero						
ESTADO CIVIL	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Solteiro/a	3.514	58%	3.257	40%	6.771	47%
Casado/a	1.834	30%	2.486	30%	4.320	30%
Separado/a	264	4%	1.366	17%	1.630	11%
Divorciado/a	271	4%	583	7%	854	6%
Viúvo/a	53	1%	282	3%	335	2%
Parella de feito	124	2%	170	2%	294	2%
Non consta	47	1%	54	1%	101	1%
TOTAL	6.107	100%	8.198	100%	14.305	100%

Introducindo a variable xénero na análise ponse claramente de manifesto certas desviacións respecto á distribución media. Así, por unha parte, nos capítulos de “separado/a” e “divorciado/a” advírtese unha proporción considerablemente maior de mulleres incorporadas ca de homes, os cales, sen embargo, son maioría na situación de “solteiros”.


PERSOAS INCORPORADAS SEGUNDO ESTADO CIVIL E XÉNERO



Persoas incorporadas segundo estado civil: HOMES



Persoas incorporadas segundo estado civil: MULLERES



Polo que se refire ao tipo de unidade de convivencia das persoas incorporadas, ponse de manifesto un claro dominio do concepto de “familia nuclear”, xa que constitúe 36% do total dos casos.


Nun segundo nivel atoparíanse as tipoloxías de “familia monoparental”, “familia de orixe” e “vive so” cunhas porcentaxes do 15%, 14% e 13% respectivamente.

Persoas incorporadas segundo unidade de convivencia e xénero						
Unidade de convivencia	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Vive só	1.004	16%	806	10%	1.810	13%
En parella	477	8%	629	8%	1.106	8%
Familia nuclear	2.441	40%	2.699	33%	5.140	36%
Familia de orixe	861	14%	1.119	14%	1.980	14%
Familia substitutoria	41	1%	49	1%	90	1%
Familia monoparental	376	6%	1.831	22%	2.207	15%
Familia prop. ampliada	273	4%	538	7%	811	6%
Agrupación voluntaria	305	5%	161	2%	466	3%
Institución	91	1%	94	1%	185	1%
Outros	131	2%	165	2%	296	2%
Non consta	107	2%	107	1%	214	1%
TOTAL	6.107	100%	8.198	100%	14.305	100%


Nun terceiro nivel atoparíanse as situacións referidas ás tipoloxías de “vive en parella” co 8% e a de “familia propia ampliada” co 6%, ás que seguen xa a considerable distancia outras fórmulas que non superan individualmente en ningún caso un peso do 3% respecto ao global.

Analizando as peculiaridades segundo xénero, advírtese unha maior proporción de homes en situación de “vive so” e de “familia nuclear”, mentres que as mulleres superan claramente o valor medio no caso das “familias monoparentais” e de maneira menos rechamante nas “familias propias ampliadas”.


PERSOAS INCORPORADAS SEGUNDO UNIDADE DE CONVIVENCIA



Persoas incorporadas segundo unidade de convivencia: HOMES



Persoas incorporadas segundo unidade de convivencia: MULLERES



En coherencia con todo o anterior, a distribución das persoas incorporadas segundo o **tipo de vivenda** pon de releve un predominio moi nítido das tipoloxías de “piso” e “vivenda unifamiliar” con porcentaxes do 55% e 35% respectivamente.


As situacións de “chabola” (2,1%), “pensión” (1,4%), “sen vivenda” (1,2%), “vivenda prefabricada, caravana...” (0,5%) e “asentamento” (0,1%) constitúen circunstancias de tipo minoritario.

Persoas incorporadas por tipo de vivenda						
Tipo de vivenda	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sen vivenda	85	1,4%	90	1,1%	175	1,2%
Piso	3.084	50,5%	4.803	58,6%	7.887	55,1%
Vivenda unifamiliar	2.318	38,0%	2.709	33,0%	5.027	35,1%
Pensión	135	2,2%	61	0,7%	196	1,4%
Chabola	150	2,5%	146	1,8%	296	2,1%
Vivenda prefab., caravana	28	0,5%	40	0,5%	68	0,5%
Asentamento	12	0,2%	5	0,1%	17	0,1%
Outros	177	2,9%	200	2,4%	377	2,6%
Non consta	118	1,9%	144	1,8%	262	1,8%
TOTAL	6.107	100%	8.198	100%	14.305	100%


Se se estudan as peculiaridades segundo xénero,ponse de manifesto dous tipos de situacións:

- A maior proporción de mulleres que de homes vivindo en “pisos” (58,6% sobre 50,5%).
- A maior proporción de homes que de mulleres en “vivendas unifamiliares” (38% sobre 33%) e “pensións” (2,2% sobre 0,7%).


PERSOAS INCORPORADAS POR TIPO DE VIVENDA E XÉNERO



Persoas incorporadas por tipo de vivenda: HOMES



Persoas incorporadas por tipo de vivenda: MULLERES



Segundo o **nivel de estudos**, as persoas incorporadas concéntranse basicamente nas tipoloxías de “graduado escolar” e “certificado de escolaridade”, as cales supoñen o 29% e 26% do total respectivamente.


Persoas incorporadas por nivel de estudos e xénero						
Nivel de estudos	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Analfabeto	139	2%	231	3%	370	3%
Lee e escribe	816	13%	910	11%	1.726	12%
Certificado de escolaridade	1.724	28%	2.060	25%	3.784	26%
Graduado escolar	1730	28%	2.438	30%	4.168	29%
Graduado educación secundaria	150	2%	281	3%	431	3%
Formación Profesional I	342	6%	588	7%	930	7%
Formación Profesional II	287	5%	397	5%	684	5%
B.U.P.	481	8%	612	7%	1.093	8%
Módulos formativos de grado superior	42	1%	51	1%	93	1%
Estudios universitarios medios	133	2%	282	3%	415	3%
Estudios universitarios superiores	127	2%	200	2%	327	2%
Outros	18	0%	15	0%	33	0%
Non consta	118	2%	133	2%	251	2%
TOTAL	6.107	100%	8.198	100%	14.305	100%

Nun segundo nivel situaríanse as persoas que “len e escriben” aínda que non dispoñan de certificación algunha, cunha porcentaxe do 12% e xa nun terceiro chanzo as persoas con “B.U.P.” (8%), “Formación Profesional I” (7%) e “Formación Profesional II” (5%).


As persoas incorporadas con estudos universitarios de tipo medio ou superior non superan conxuntamente o 5%. Por outra banda, o peso do analfabetismo no colectivo de incorporados ascendeu a 370 persoas, é dicir, o 3% do total.

Ao contrario que noutras variables, no caso do nivel de estudos das persoas incorporadas ponse de manifesto unha distribución moi semellante dos datos entre homes e mulleres. De feito, e sempre con variacións de moi escaso calado, unicamente se podería sinalar un peso relativamente superior dos homes respecto das mulleres nos niveis de “le e escribe” e “certificado de escolaridade”, dándose a situación inversa no caso do “graduado escolar”.


PERSOAS INCORPORADAS SEGUNDO NIVEL DE ESTUDIOS E XÉNERO



Persoas incorporadas segundo nivel de estudos: HOMES




Persoas incorporadas segundo nivel de estudos: MULLERES




Perfil sociolaboral

Centrando a análise no aspecto da **capacidade laboral**, observase que a categoría máis numerosa é a que se refire ás persoas con “Capacidade laboral plena”, que supón case un 53% do total. A continuación seguiría o segmento de persoas con “Incapacidade parcial”, que afecta a máis do 38%.


CAPACIDADE LABORAL SEGUNDO XÉNERO



Capacidade laboral HOMES



Capacidade laboral MULLERES



Introducindo a variable xénero, observase que o grupo máis numeroso é o das mulleres con capacidade laboral plena, seguido do de homes e mulleres con incapacidade parcial. De todos modos, reflíctese tamén un peso do xénero feminino superior á media no caso da “Capacidade laboral plena”, así como un peso superior dos homes na situación de “Incapacidade parcial”.


Persoas incorporadas segundo capacidade laboral e xénero						
Capacidade laboral	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Plena	2.383	39,0%	5.187	63,3%	7.570	52,9%
Incapacidade parcial	2.810	46,0%	2.667	32,5%	5.477	38,3%
Discapacidade parcial	60	1,0%	85	1,0%	145	1,0%
Ningunha	767	12,6%	129	1,6%	896	6,3%
Non consta	87	1,4%	130	1,6%	217	1,5%
TOTAL	6.107	100%	8.198	100%	14.305	100%

Polo que a situación laboral das persoas incorporadas se refire, destaca o feito de que máis do 64% do total se atópase en situación de “paro sen subsidio” e que case o 16% “nunca traballou”.

Persoas incorporadas segundo situación laboral e xénero						
Situación laboral	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Nunca traballou	767	12,56%	1.461	17,82%	2.228	15,57%
Parado sen subsidio	4.088	66,94%	5.117	62,42%	9.205	64,35%
Parado con subsidio	315	5,16%	320	3,90%	635	4,44%
Economía somerxidacalquera	130	2,13%	268	3,27%	398	2,78%
Traballador conta propia	60	0,98%	115	1,40%	175	1,22%
Traballador conta allea	203	3,32%	261	3,18%	464	3,24%
Emprego precario	70	1,15%	191	2,33%	261	1,82%
Pensionista contributiva	39	0,64%	33	0,40%	72	0,50%
Pensionista no contributiva	71	1,16%	77	0,94%	148	1,03%
Outros	117	1,92%	162	1,98%	279	1,95%
Non consta	247	4,04%	193	2,35%	440	3,08%
TOTAL	6.107	100%	8.198	100%	14.305	100,00%

A considerable distancia atópanse as categorías de “parados con subsidio” (4,45%) e de “traballador por conta allea” (3,25%).


Da análise por xénero, apreciase unha distribución moi similar á media total en calquera dos casos, distinguíndose unicamente unha certa superioridade porcentual da situación de “parado sen subsidio” no caso dos homes e de “nunca ter traballado” no caso das mulleres.




Tal e como reflicte a táboa seguinte o 40,30% das persoas paradas, teñen unha antigüidade no mesmo de duración inferior a un ano, á marxe do 30% de parados dos que non conta a antigüidade nesa situación.

Persoas incorporadas segundo a antigüidade no paro e xénero						
Antigüidade no paro	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
<1 ano (mozos <25 anos: <6 meses)	2.498	47,15%	2.525	35,24%	5.023	40,30%
1 a 2 anos (mozos <25 anos: 6 meses a 2 anos)	717	13,53%	1.097	15,31%	1.814	14,55%
2 ou máis anos	699	13,19%	1.237	17,26%	1.936	15,53%
Non consta	1.384	26,12%	2.307	32,19%	3.691	29,61%
TOTAL	5.298	100%	7.166	100%	12.464	100,00%


INCORPORACIÓNS SEGUNDO ANTIGÜIDADE NO PARO



Incorporacións segundo antigüidade no paro: HOMES




Incorporacións segundo antigüidade no paro: MULLERES




Persoas incorporadas segundo experiencia profesional e xénero						
	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Non ten experiencia	186	3,05%	518	6,32%	704	4,92%
Agricultura	155	2,54%	120	1,46%	275	1,92%
Industria	622	10,19%	326	3,98%	948	6,63%
Servizos	2.390	39,14%	4.271	52,10%	6.661	46,56%
Construción	393	6,44%	12	0,15%	405	2,83%
Administración	13	0,21%	38	0,46%	51	0,36%
Outros	350	5,73%	613	7,48%	963	6,73%
Non consta	1.998	32,72%	2.300	28,06%	4.298	30,05%
TOTAL	6.107	100%	8.198	100%	14.305	100%


INCORPORACIÓN SEGUNDO EXPERIENCIA PROFESIONAL



Incorporacións segundo experiencia profesional: HOMES



Incorporacións segundo experiencia profesional: MULLERES




A experiencia profesional das mulleres é superior á media no caso do sector “Servizos”, mentres cos homes experimentan dita situación con notable claridade no caso da “Industria” e a “Construción”.

Perceptores da RISGA

Das persoas incorporadas ao Plan son perceptores directos da RISGA 3.671 o que supón un 25,66% do total de incorporacións, así mesmo 419 persoas son perceptores indirectos cun peso porcentual de case o 3% . É de destacar que un 8%, son potenciais beneficiarios desta prestación.

Persoas incorporadas en relación coa RISGA		
	Nº	%
Non perceptor	9.104	63,64%
Perceptor directo	3.671	25,66%
Perceptor indirecto	419	2,93%
Potencial beneficiario	1.111	7,77%
TOTAL	14.305	100,00%



Analizando a distribución de idade segundo a situación de perceptor ou non da RISGA, destacan certas situacións que sobresaen á media. É o caso, por exemplo, do maior peso relativo dos menores de 25 anos en situación de perceptor indirecto (en idéntica medida na que diminúe a proporción de maiores de 45 en dita tipoloxía), incrementándose por conseguinte o peso medio nos segmentos de idade de máis de 25 anos. Así mesmo destaca o intervalo comprendido entre os 25 e os 45 anos, o cal agrupa ao 62% do total de perceptores da RISGA.

Persoas incorporadas en relación coa RISGA e distribución de idade					
	Menos de 25	Entre 25 e 45	Máis de 45	Non consta	Total
Non perceptor	13%	63%	22%	2%	100%
Perceptor directo	5%	63%	29%	2%	100%
Perceptor indirecto	32%	56%	8%	3%	100%
Potencial beneficiario	10%	57%	28%	4%	100%

Introducindo a variable xénero pódese comprobar que as mulleres entre 25 e 45 anos que non perciben a RISGA representan o grupo máis numeroso, sendo máis da quinta parte do total. Séguenlle en importancia os homes que cumpren estes mesmos requisitos (ter entre 25 e 45 anos e non recibir este tipo de prestacións). Pola súa parte, as perceptoras directas dentro do mesmo tramo de idade supoñen o 12% do total, sendo o seguinte grupo polo seu volume, seguido dos maiores de 45 (primeiro mulleres e despois homes) que non perciben estas axudas.

Persoas incorporadas en relación coa RISGA. Clasificación por sexo e idade

	HOMES								MULLERES								TOTAL BENEFICIARIOS	
	Menos de 25		Entre 25 e 45		Máis de 45		Non consta		Menos de 25		Entre 25 e 45		Máis de 45		Non consta		Nº	%
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%				
Non perceptor	618	80,36%	2.652	74,10%	968	60,31%	108	70,13%	549	65,05%	3.058	57,33%	1.067	57,37%	84	52,50%	9.104	63,64%
Perceptor directo	55	7,15%	581	16,23%	496	30,90%	21	13,64%	142	16,82%	1.749	32,79%	585	31,45%	42	26,25%	3.671	25,66%
Perceptor indirecto	66	8,58%	146	4,08%	20	1,25%	6	3,90%	69	8,18%	89	1,67%	15	0,81%	8	5,00%	419	2,93%
Potencial beneficiario	30	3,90%	200	5,59%	121	7,54%	19	12,34%	84	9,95%	438	8,21%	193	10,38%	26	16,25%	1.111	7,77%
TOTAL	769	100%	3.579	100%	1.605	100%	154	100%	844	100%	5.334	100%	1.860	100%	160	100	14.305	100%

En relación coa distribución xeográfica, o grupo máis numeroso, dos perceptores directos da RISGA, é o da provincia de Pontevedra, que representa o 42% do total, séguelle A Coruña co 32%, Ourense co 15% e Lugo co 12%. Este dato ten un relación directa co número total de perceptores de RISGA nas catro provincia, o que explica unha maior incorporación destes beneficiarios nas provincias de Pontevedra e A Coruña

Destaca polo seu volume o número de potenciais beneficiarios dentro da provincia da Coruña, que representan ao 4,5% do total de persoas que participaron no PGIS.

Levando a cabo unha pequena análise por provincia, obsérvase que os únicos aspectos salientables respecto á distribución do total Galicia segundo RISGA pasan por un peso relativo inferior do grupo de “Perceptores directos” (case 5 puntos) e por unha proporción superior á media no caso dos “Potenciais beneficiarios” (máis de 3 puntos).

Persoas incorporadas en relación coa RISGA e xénero na provincia da CORUÑA						
	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Non perceptor	1.688	72,70%	1.796	57,56%	3.484	64,02%
Perceptor directo	320	13,78%	840	26,92%	1.160	21,32%
Perceptor indirecto	84	3,62%	76	2,44%	160	2,94%
Potencial beneficiario	230	9,91%	408	13,08%	638	11,72%
TOTAL	2.322	100%	3.120	100%	5.442	100%

No caso da provincia de Lugo, o aspecto máis destacado é a presenza dunha proporción inferior á media nos capítulos de “Non perceptor” e “Perceptor directo”, que se compensa cun peso relativo moi superior á distribución do total Galicia no caso dos “Potenciais beneficiarios” (máis de 6 puntos).

Persoas incorporadas en relación coa RISGA e xénero na provincia de LUGO						
	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Non perceptor	488	72,41%	519	61,13%	1.007	66,12%
Perceptor directo	144	21,36%	291	34,28%	435	28,56%
Perceptor indirecto	31	4,60%	24	2,83%	55	3,61%
Potencial beneficiario	11	1,63%	15	1,77%	26	1,71%
TOTAL	674	100%	849	100%	1.523	100%

Polo que á provincia de Ourense se refire, sobresaie significativamente o maior peso relativo da tipoloxía de “Non perceptor” (7 puntos sobre a media), ao lado dunha menor contribución proporcional dos segmentos de “Perceptores directos” (5 puntos) e “Potenciais beneficiarios” (3 puntos).

Persoas incorporadas en relación coa RISGA e xénero na provincia de OURENSE						
	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Non perceptor	741	73,08%	1.088	69,92%	1.829	71,17%
Perceptor directo	205	20,22%	332	21,34%	537	20,89%
Perceptor indirecto	36	3,55%	31	1,99%	67	2,61%
Potencial beneficiario	32	3,16%	105	6,75%	137	5,33%
TOTAL	1.014	100%	1.556	100%	2.570	100%

Finalmente, no caso da provincia de Pontevedra destaca en primeiro lugar pola xa mencionada maioría de homes ca de mulleres en situación de “Non perceptor”, feito que ven explicado tamén por unha proporción 7 puntos inferior á media de Galicia nesta categoría. Polo contrario, o segmento de “Perceptores directos” supera en máis de 5 puntos dita distribución media.

Persoas incorporadas en relación coa RISGA e xénero na provincia de PONTEVEDRA						
	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Non perceptor	1.429	68,14%	1.355	50,69%	2.784	58,36%
Perceptor directo	484	23,08%	1.055	39,47%	1.539	32,26%
Perceptor indirecto	87	4,15%	50	1,87%	137	2,87%
Potencial beneficiario	97	4,63%	213	7,97%	310	6,50%
TOTAL	2.097	100%	2.673	100%	4.770	100%


Clasificación por problemáticas

Continuando a análise do perfil sociolóxico das persoas incorporadas ao “I Plan Galego de Inclusión Social”, preséntase o resumo correspondente ás súas principais **problemáticas**.


Clasificación por problemáticas e xénero						
	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Discapacidade física e sensorial	2.240	36,68%	1.574	19,20%	3.814	26,66%
Discapacidade psíquica	549	8,99%	331	4,04%	880	6,15%
Discapacidade mixta	387	6,34%	315	3,84%	702	4,91%
Inmigrantes/refuxiados	537	8,79%	706	8,61%	1.243	8,69%
Paro máis dun ano	407	6,66%	1.332	16,25%	1.739	12,16%
Paro menos dun ano	208	3,41%	442	5,39%	650	4,54%
Emprego precario	60	0,98%	194	2,37%	254	1,78%
Escaseza de recursos	908	14,87%	2.388	29,13%	3.296	23,04%
Minorías étnicas	249	4,08%	286	3,49%	535	3,74%
Adiccións	322	5,27%	155	1,89%	477	3,33%
Emigrantes retornados	144	2,36%	184	2,24%	328	2,29%
Exreclusos	19	0,31%	4	0,05%	23	0,16%
Sen teito	25	0,41%	12	0,15%	37	0,26%
Prostitución	2	0,03%	37	0,45%	39	0,27%
Malos tratos	2	0,03%	81	0,99%	83	0,58%
Outros	48	0,79%	157	1,92%	205	1,43%
TOTAL	6.107	100%	8.198	100%	14.305	100%

Tal e como se pode comprobar, as categorías “Discapacidade física e sensorial” e a “Escaseza de recursos” co 26,66% e 23,04% respectivamente son as de maior peso durante o período 2001-2003, séguelle en importancia a problemática derivada da situación de “Paro de máis dun ano” co 12,16% do total. No seguinte chanzo estaría a situación de “Inmigrante/refuxiado” e a “Discapacidade psíquica”, as cales engloban ao 8,69% e 6,15% do total respectivamente.


DISTRIBUCIÓN POR PROBLEMÁTICA E XÉNERO



Distribución por problemática HOMES



Distribución por problemática MULLERES



Tendo en conta a variable **xénero**, a primeira situación que se pon de manifesto é a maior proporción de mulleres ca de homes na categoría de “Escaseza de recursos”. Polo contrario, a situación invértese no caso da “Discapacidade física e sensorial”, onde a proporción de homes supera á das mulleres.

En calquera caso, pódese comprobar como, en termos xerais, as mulleres superan a distribución media nas categorías relacionadas co “Paro” (sexa da duración que sexa) ou o “Emprego precario”, así coma nas tipoloxías relacionadas cos “Malos tratos” e a “Prostitución”, aínda que estas últimas son aínda escasas.

Pola súa parte, os homes superan a distribución media en todas as problemáticas relativas a “Discapacidades” (sexan do tipo que sexan), así coma nas “Adiccións”, a situación de “Sen teito” ou a de “Ex-reclusos”.

Problemática segundo a idade						
Problemática	Menos de 25		25-45		Máis de 45	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Discapacidade física e sensorial	345	21,4%	2.360	26,5%	1.087	31,4%
Discapacidade psíquica	193	12,0%	597	6,7%	85	2,5%
Discapacidade mixta	90	5,6%	440	4,9%	164	4,7%
Inmigrantes/refuxiados	120	7,4%	819	9,2%	206	5,9%
Paro máis dun ano	112	6,9%	1.069	12,0%	519	15,0%
Paro menos dun ano	156	9,7%	398	4,5%	88	2,5%
Emprego precario	13	0,8%	171	1,9%	63	1,8%
Escaseza de recursos	346	21,5%	2.014	22,6%	845	24,4%
Minorías étnicas	133	8,2%	347	3,9%	41	1,2%
Adiccións	14	0,9%	338	3,8%	117	3,4%
Emigrantes retornados	21	1,3%	176	2,0%	125	3,6%
Exreclusos	1	0,1%	17	0,2%	5	0,1%
Sen teito	4	0,2%	19	0,2%	12	0,3%
Prostitución	1	0,1%	13	0,1%	25	0,7%
Malos tratos	5	0,3%	57	0,6%	18	0,5%
Outros	59	3,7%	78	0,9%	65	1,9%
TOTAL	1.613	100%	8.913	100%	3.465	100%

Realizando a análise dende a perspectiva da **idade**, advírtese en primeiro lugar unha proporción moi similar á media na categoría de “Escaseza de recursos” (entre o 21% e o 24%), sen embargo, sobresaen algunhas situacións que advirten dun maior peso de determinadas problemáticas segundo a idade. É o caso, por exemplo, da “Discapacidade física e sensorial”, do “Paro de máis dun ano”, dos “Emigrantes retornados” e da “Prostitución” no estrato de maiores de 45 anos.

Pola súa parte, o estrato de menores de 25 anos sobresaen respecto da distribución media nas categorías de “Discapacidade psíquica”, “Paro de menos dun ano” e “Minorías étnicas”.

Por último, no estrato de entre 25 e 45 anos destaca unicamente o maior peso da categoría de “Inmigrantes/refuxiados” e, en menor medida, na de “Adiccións”.

